Circular nº 1/ 2026

Asunto: Convocatoria **do Programa "Xuntos polo Nadal"**.

Ámbito: Departamentos Territoriais e Centros Sociocomunitarios dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria convoca de novo o **Programa "Xuntos polo Nadal"** para que aquelas persoas maiores que estean soas poidan pasar estas datas acompañadas doutras na mesma situación.

Este programa levarase nas a cabo entre o día 23 de decembro de 2026 e o día 7 de xaneiro de 2027, en tres quendas diferentes, nas residencias de tempo libre do Carballiño (Ourense) e de Panxón en Nigrán (Pontevedra).

Instrucións

Primeira: prazas e duración

Convócanse un total de **duascentas setenta prazas (270 prazas)** para participar neste programa, distribuídas do seguinte xeito:

– Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense): 130 prazas totais para as persoas solicitantes das provincias de A Coruña e Ourense, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

- A Coruña: 97
- Ourense: 33

– Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra): 140 prazas totais para as persoas solicitantes das provincias de Pontevedra e Lugo, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

- Pontevedra: 110 prazas
- Lugo: 30 prazas

Este programa levarase a cabo entre o día 23 de decembro de 2026 e o día 7 de xaneiro de 2027, en **tres quendas diferentes**, das que **só se poderá elixir unha**:

• 23 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027 (16 días).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve

• 23 ao 30 de decembro de 2026 (8 días).

• 31 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027 (8 días).

O programa contempla o aloxamento **en habitacións compartidas** e a manutención en réxime de pensión completa.

A saída desde os puntos de orixe realizarase os días **23 e 31 de decembro pola mañá,** dende os lugares que se establezan nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e o regreso os **días 30 de decembro e 7 de xaneiro, respectivamente, pola mañá**, desde as **residencias de tempo libre do Carballiño e de Panxón** ata os lugares de orixe.

Segunda: requisitos

a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

b) Estar empadroado nalgún concello galego

c) Vivir só no seu domicilio e non ter con quen pasar as datas do Nadal.

d) Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou conductuais non compensados que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estadía.

Recoméndase estar vacinado fronte a COVID – 19 e a GRIPE segundo o calendario sanitario vixente.

Terceira: prioridade das persoas beneficiarias

Para a selección das persoas participantes, cuxas solicitudes reúnan todos e cada un dos requisitos, aplicaranse os criterios establecidos no baremo que figura no Anexo II, **dándoselle preferencia** ás persoas que:

a) Perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos anos

b) Teñan máis idade

c) Non participaran nunca no programa xuntos polo nadal.

Poderanse **excluír** aquelas persoas que participaran neste programa en anos anteriores e non se adaptaran ás normas de convivencia establecidas, aínda que obteñan unha puntuación que lles permita o acceso ao programa.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarta: servizos

O programa inclúe entre outros os seguintes servizos:

- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan ata as residencias de tempo libre e viceversa.
- Aloxamento en **cuartos compartidos** e manutención en réxime de pensión completa, con dieta especial para as persoas que por prescrición médica o requiran e o acrediten debidamente. No suposto de que existira dispoñibilidade en habitación individual será asignada con preferencia aos participantes que teñan xustificación médica que motive dita asignación.
- Actividades de animación sociocultural.

Quinta: solicitudes

As solicitudes formularanse no modelo establecido ao efecto e iran acompañadas da declaración responsable e do informe social.

Sexta: prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para solicitar a participación no programa estará aberto do día **16 ata o 30 de novembro de 2026, ambos incluídos.**

As solicitudes, acompañadas do informe social e da declaración responsable, formularase nos modelos establecidos ao efecto e estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa que corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web

http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada/xuntospolonadal

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365).

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e dirixiranse ás xefaturas territoriais correspondentes en función do ámbito territorial do solicitante.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi12hXo1 https://sede.xunta.gal/cve

Setima: selección e valoración das solicitudes

Para a selección dos participantes a comisión de valoración, aplicará o baremo establecido no Anexo II coas prioridades establecidas na instrución terceira.

A comisión poderá requirir ás persoas solicitantes a ampliación de información facilitada se esta estivera incompleta e **excluír** aquelas persoas que participaran neste programa en anos anteriores e non se adaptaran ás normas de convivencia establecidas, aínda que obteñan unha puntuación que lles permita o acceso ao programa.

A verificación de datos que non se axusten ao declarado, dará lugar á anulación da praza concedida ou ao abandono do programa, no suposto de que a persoa adxudicataria xa estivera participando nel.

Oitava: listaxe de persoas seleccionadas, comunicación da concesión e aceptación das prazas adxudicadas

Cada departamento territorial, tan pronto como bareme as solicitudes, elaborará unha listaxe coas persoas solicitantes ordenadas segundo a puntuación acadada e remitiraa, no modelo do anexo III, a maior brevidade posible á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

Na Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, á vista das valoracións provinciais, elaborarase a listaxe definitiva e enviarase de xeito inmediato ás xefaturas territoriais para que resolvan e notifiquen a concesión da praza ou a súa inclusión na listaxe de reserva.

Na notificación da resolución de concesión, informaráselle ás persoas adxudicatarias do procedemento a seguir para a confirmación ou renuncia da praza, así como da hora e o lugar no que se efectuará a súa recollida e maila a documentación, vestimenta e accesorios que precisa levar no momento de incorporarse.

Para que a adxudicación da praza sexa definitiva, a persoa á que se lle notificou a concesión de praza terá que enviar a súa conformidade. De non recibir a confirmación nos termos indicados na notificación, poñerase a praza a disposición das persoas solicitantes que estiveran en lista de reserva.

As persoas adxudicatarias de praza teñen que ir provistas de:

- DNI ou pasaporte actualizado.
- **Informe médico actualizado** no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira dalgunha atención especial (control sanitario tratamento farmacolóxico, dieta, accesorio de apoio, habitacións individuais, etc.). De non levar a acreditación da

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve

necesidade, non se lle prestará ningún tipo de atención especial.

- Tarxeta sanitaria, **medicación habitual necesaria e/ou accesorios** para o transcurso da estadía.
- Roupa cómoda.

A efectos da **organización do transporte** solicitaráselles ás persoas participantes que xunto coa aceptación da praza indiquen se van efectuar o desprazamento á residencia pola súa conta ou, no caso de facelo en autobús, en que localidade de recollida se van incorporar.

Coas persoas que confirmen a súa asistencia, se procede, elaborarase a **relación de participantes definitiva** que se remitirá a Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria e desde este á residencia de tempo libre correspondente.

Novena: comunicación de renuncias

Os departamentos territoriais, no momento en que reciban unha renuncia, darán conta dela de xeito inmediato á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria para adxudicarlle a praza ás persoas de maior puntuación que quedaran na lista de reserva.

Se as baixas se produciran a última hora comunicarase a nova adxudicación e demais condicións por vía telefónica.

Os **gastos de desprazamento** desde o domicilio das persoas adxudicatarias de praza ata o lugar que se sinale de saída nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa **serán pola súa conta**; ao igual que os que se poidan orixinar por enfermidade, falecemento ou calquera outra continxencia que non estivese cuberta pola Seguridade Social ou pola entidade aseguradora privada.

Xunto coa notificación de concesión informarase ás persoas beneficiarias que confirmen a súa participación no programa.

Décima: orzamento do programa

Para facer fronte aos gastos deste programa, tramitarase unha provisión de fondos a xustificar aos Departamentos Territoriais de Ourense e Vigo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve

Anexo I. Asignación de destinos por provincia

Destinos	Destinos por provincia	Nº total de prazas
Residencia de Tempo Libre do Carballiño	A Coruña e Ourense	130
Residencia de Tempo Libre de Panxón	Pontevedra e Lugo	140

A adxudicación de prazas realizarase de forma independente para cada provincia, seguindo a seguinte distribución:

Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)

130 prazas totais distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

- A Coruña: 97
- Ourense: 33

Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra)

140 prazas totais distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

- Pontevedra: 110
- Lugo: 30

As solicitudes de cada provincia tramitaranse de forma separada. Adxudicaranse as prazas ás persoas solicitantes de cada provincia que obteñan maior puntuación segundo o baremo establecido, ata completar o número de prazas asignadas a cada unha.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve

Anexo II. Baremo

Familiares e convivencia :

- Por vivir só na actualidade 25 puntos
- Por ter sufrido nos dous últimos anos a perda do seu cónxuxe ou da persoa/s coa/s que convivía habitualmente 25 puntos

Idade:

- De máis de 85 anos 20 puntos
- De 76 a 85 anos 15 puntos
- De 66 a 75 anos 10 puntos
- De 60 a 65 anos 5 puntos

Asistencia a outros programas:

- Por non ter asistido nunca ao Programa Xuntos polo Nadal 10 puntos
- Por non ter asistido nos últimos 3 anos 5 puntos

No caso de empate, a adxudicación das prazas farase por orde de entrada da solicitude.

Asinado por: ACEVEDO PRADO, ANTONIO
Cargo: Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Data e hora: 16/11/2026 09:44:10

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pkY1Gi1ZhXo1 https://sede.xunta.gal/cve